

A Coruña a 8 de novembro de 2022.

As 10:00 horas, reunidos na Federación de Salvamento e socorrismo de Galicia, C/ Gambrinus nº151, módulo 0, nave 3, 15008 A Coruña, a xunta electoral desta Federación:

- - Borja Canedo Martínez
- - Denis González Vidal
- - Ángel Fraga Regueiro

ORDE DO DÍA:

1. **Toma de posesión dos membros da Asamblea Xeral da Federación de Salvamento e socorrismo de Galicia**
2. **Proclamación provisional dos candidatos á presidencia da Federación de Salvamento e socorrismo de Galicia.**

1. Toma de posesión dos membros da Asamblea Xeral da Federación de Salvamento e socorrismo de Galicia

Recibido escrito da toma de posesión e aceptación do cargo como membros da Asemblea Xeral da FESSGA, polos estamentos de Clubs, deportistas, deportistas de alto nivel, técnic@s e xuíz@s. Esta Xunta Electoral eleva a público a presentación das mesmos dandoas por válidas.

2. Proclamación provisional dos candidatos á presidencia da Federación de Salvamento e socorrismo de Galicia.

Esta xunta electoral recibiu as seguintes candidaturas para presidencia da FESSGA:

- Nuria Rodríguez Suárez
- Javier Carballo López
- Francisco Javier Magariños Alende.

Das cales, esta xunta electoral unicamente considera válida a candidatura de:

Nuria Rodríguez Suárez.

Motivos de exclusión do resto de candidaturas:

- Javier Carballo López

Presenta a candidatura sen documentación xustificativa dos avais precisos.

Segundo o artigo 21.4 do regulamento electoral,

A xunta electoral procederá a comprobar a validez dos avais presentados por cada persoa candidata e, a continuación proclamará as candidaturas que cumpran os requisitos para ser elixible.

Esta xunta electoral non pode comprobar a validez dos avais presentados posto que non se presentan xunto coa candidatura.

- Francisco Javier Magariñas Alende.

Presenta a convocatoria fora de prazo.

O prazo remataba según o calendario electoral aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte, o día 04/11/2022.

Segundo establece o regulamento electoral no seu artigo 12.3:

Os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días, entenderase días hábiles e expirarán ás 14:00 horas do derradeiro día de prazo, salvo disposición en contrario. Se o día final do prazo coincide con día inhábil de carácter autonómico ou estatal, ou cun día no que non estean abertas as dependencias da federación en aplicación do convenio colectivo dos traballadores de entidade, entenderase que remata o día hábil inmediato seguinte.

O interesado presentou candidatura a través de correo electrónico, tendo o mesmo a hora de recepción as 20:25 horas.

Contra o pronunciamento desta xunta electoral, poderán presentarse reclamación tal é como se establece no artigo 21.6

*Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de persoas candidatas, no prazo de días hábiles 3 días hábiles ante a xunta electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.
E para que así conste, firmo a presente as 10.30 horas do 2 de novembro de 2022.*


Para que así conste, firmamos o presente documento a 08 de novembro de 2022, as 10:30 h:



Fdo: Angel Fraga Regueiro
Vogal



Fdo: Denis González Vidal
Secretario



Fdo: Borja Canedo Martínez
Presidente.